

VERBAS LIMIARES PRONUNCIADAS
POLO PRESIDENTE DA ACADEMIA

Celebra iste acto a Real Academia Gallega en honra do que foi seu esgrevio numerario don Afonso Daniel Rodríguez Castelao, non pra recordalo, pois o recordo ven a ser unha resurreición momentánea do pasado e il tén posto sobranceiro nas lembranzas da Corporación e de todos e cada un dos seus membros, senón pra anovar a nosa admiración deica a súa xurdia obra, ofrecendo unha sinopsis temática dela, e pra facer patente a perdurante gratitude que por ela Galicia lle debe.

Don Afonso Daniel Rodríguez Castelao ingresou na nosa Corporación o día 25 de xullo do 1934, da man do numerario e fraternal amigo seu don Antonio Villar Ponte, e permaneceu vencellado a ela espiritualmente deica o intre mesmo do seu pasamento. Pola súa parte a Academia, durante o cuarto de século decorrido dende aquíl tristeiro acaecer, máis tristeiro aínda porque o eisilio da súa vida corporal culminou no eisilio da súa morte física, durante ise tempo, a Academia non descoidou o cultivo dos eidos creacionais do gran escritor e artista: publicou os seus traballos *Humorismo-Dibuxo humorístico-Caricatura*, e *As cruces de pedra na Galiza*, e rescatou, pola xenerosa e dilixente mediación de un dos seus membros numerarios, don Isidro Parga Pondal, dous grandes óleos con temas de cegos, que enfeitarán os muros do novo edificio da Real Academia Gallega cando o atranco económico que hoxe tén paralizada a súa construción alcontre o remedio da axuda —eu diría “obrigada”, porque a Galicia da cultura que a Academia coida, ou cando menos anxeira representar, merecea e, máis aínda, eisíxe—, alcontre, digo, o remedio da axuda de quenes, podendo prestala, queren cumprir os deberes a que estean vencellados verbo do desenrolo espiritual da rexión galega. Ningunha ocasión máis axeitada pra facer iste apremiante e público requerimento que

ista de unilo á memoria de quen todo o deu polo ben da nosa Terra. E quenes queiran entender, que entendan.

Debo, por cabo, agradecer —e agradezo, moi compracido— á Xunta Direitiva dista prestixiosa sociedade, na persoa do seu dino presidente señor Souza Hernández, a acollida que, unha vez máis, dispensa a ista Corporación académica, abrindolle as portas diste nobre salón, de brillante e densa historia cultural, no que a Real Academia Gallega veu á vida pública en solene inauguración nil celebrada fará setenta anos no que decorre; salón que coiste acto cerra, ao parecer, o longo ciclo dos nil celebrados, pola construción do novo edificio social, no que desexamos a ista popular entidade longos anos de vida tan vizosa e fecunda como a que tén gozado deica agora.